

Lobato reivindica a paisaxe dende Lestedo

BOQUEIXÓN ▶ Voltou á súa terra natal con 'Retorno a natura', obra na que a localidade tamén é protagonista

M. GONZÁLEZ • BOQUEIXÓN

Xosé Manuel Lobato pisaba onte o seu Lestedo natal para a presentación de *Retorno a natura*, na que afonda, como explicou o editor Henrique Alvarellos, "na paisaxe como instrumento de identidade".

O autor, para quen a localidade boqueixanesa e "principio e fin", recolle nesta obra moitos dos artigos publicados no diario *Galicia Hoxe*, nos que fai unha viaxe partindo do Pico Sacro, por outros emblemas do te-

rritorio galego. A vaga de lumes do ano 2006 e outras agresións non faltan nesta dura chamada de atención sobre a continua "lota entre o ser humano e a natureza", nin tampouco a "retranca" dos máis vellos de Lestedo, nunha obra marcada polas lembranzas da nenez de Lobato.

O autor tamén se referiu á xoia de Lestedo, o misterioso Pico Sacro como un "patrimonio cultural insuperable" e avogou por promocionar as subidas ata



Alvarellos, esquerda, Lobato, Gacio, Rodeiro e Iglesias, en Lestedo

o cumio aproveitando a celebración do Ano Santo." O libro sae do amor e o apego a terra", sinalou o autor agradecido ao público asistente, que encheu o centro cultural. Alvarellos tamén destacou que a obra é un canto á esperanza para voltar á sensibi-

lidade polo entorno. O alcalde de Boqueixón, Adolfo Gacio, felicitou ao autor ó que animou a continuar sendo o cronista de Lestedo, ao igual que o director xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro e o concelleiro José Iglesias.

■ comarcas@elcorreogallego.es